

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 4 de xullo de 2017, adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 2.º- COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2.2. Oferta de emprego público da Administración do Parlamento de Galicia de 2017

Examínase a proposta de oferta de emprego público da Administración do Parlamento de Galicia para o ano 2017 que inclúe as prazas dos corpos e escalas seguintes:

a) Dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías do corpo de xestión do Parlamento de Galicia

Por Acordo da Mesa da Cámara do 13 de xuño de 2016 (BOPG núm. 129, do 15 de xuño de 2017), co carácter de disposición administrativa e nos termos establecidos no artigo 22.2 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, creouse a escala de tecnoloxías que se integra no corpo de xestión do Parlamento de Galicia clasificado no grupo profesional B.

O ingreso nesas prazas faríase por oposición libre por non haber persoal funcionario da Administración parlamentaria coa titulación requirida para ingresar nesa escala por promoción interna nin, obviamente, persoal funcionario pertencente a esa escala para ocupar os postos correspondentes por concurso, por tratarse dunha escala de nova creación.


A finalidade das probas selectivas é ocupar dous postos de traballo de nova creación que figuran identificados na documentación: *técnico/a de sistemas e técnico/a de análise e desenvolvemento*.

b) Dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia

O ingreso nesas prazas faríase por oposición libre.

A finalidade das probas selectivas é ocupar dous postos de traballo de *uxier*, un deles vacante na actualidade e outro posto no caso de que, por promoción interna ao corpo administrativo, quede vacante. En consecuencia, a segunda das prazas complementaríase a oferta de emprego público sempre que o posto de traballo de *uxier* quede vacante trala superación das probas de promoción interna para acceder ao corpo administrativo.

Servizo de Persoal e Réxime Interior
Intervención e Asuntos Económicos.



c) Unha praza do corpo de letradas e letrados do Parlamento de Galicia

O ingreso nesta praza faríase por oposición libre.

Tendo en conta o acordado a este respecto na Mesa de Negociación da Administración do Parlamento de Galicia do 3 de xullo de 2017.

Visto o informe favorable da Intervención da Cámara.

Conforme ao disposto no artigo 17 do EPPG.

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Aprobar a oferta de emprego público da Administración do Parlamento de Galicia para o ano 2017 nos termos que se indican a continuación.

2.º) Comunicarlles este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e á Intervención e Asuntos Económicos.

3.º) Publicar a oferta de emprego público no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, no *Diario Oficial de Galicia* e no Portal de transparencia da Cámara.

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 4 de xullo de 2017, polo que se aproba a oferta de emprego público da Administración do Parlamento de Galicia para o ano 2017

O Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia establece no seu artigo 17 que as necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poidan ser cubertas co persoal existente e deban proverse mediante persoal de novo ingreso serán obxecto, de ser o caso, de aprobación dunha oferta anual de emprego público, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia*.

Mediante acordo da Mesa de Negociación da Administración do Parlamento de Galicia do 3 de xullo de 2017 establecéronse os criterios xerais dos plans de oferta de emprego público.

Conforme ao anterior e unha vez analizadas as necesidades de persoal existentes, a Mesa da Cámara

DISPÓN:

Aprobar a oferta de emprego público da Administración do Parlamento de Galicia para o ano 2017, constituída polas seguintes prazas vacantes dotadas orzamentariamente e que deben ser provistas mediante persoal de novo ingreso que se relaciona a continuación:

Tipo de persoal: funcionario.


Grupo de clasificación profesional: A.

Corpo de letradas e letrados do Parlamento de Galicia.

Número de prazas: 1.

Servizo de Persoal e Réxime Interior

Intervención e Asuntos Económicos.



Tipo de persoal: funcionario.
Grupo de clasificación profesional: B.
Corpo de xestión do Parlamento de Galicia.
Escala técnica de tecnoloxías.
Número de prazas: 2.

Tipo de persoal: funcionario.
Grupo de clasificación profesional: D.
Corpo auxiliar do Parlamento de Galicia.
Número de prazas: 1.

O ingreso nos corpos e na escala relacionados farase por oposición libre.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2017

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior

Asinado dixitalmente por:

**Xosé Antón Sarmiento Méndez, Letrado Oficial Maior na data 05/07/2017
11:02:59**

Servizo de Persoal e Réxime Interior
Intervención e Asuntos Económicos.